

III. A POESÍA NA GALIZA INTERIOR

1. Contexto. Do silencio á lenta recuperación

O resultado da Guerra Civil provocou un **colapso no sistema literario galego** que tivo como consecuencia un silencio que durou tres lustros (1936-1950). A partir de finais dos anos 40, prodúcese un **lento e traballos proceso de restauración** das canles de difusión da literatura na nosa lingua. Adoita indicarse como punto de partida o ano 1947, cando Iglesia Alvariño publica en Vilagarcía de Arousa o seu libro *Cómaros verdes*. Nese mesmo ano, a BBC londiniense pon en marcha o seu *Galician Programme*, con guións enviados desde Galiza por Fernández del Riego e outros autores: ata 1956 emitíranse case un cento de capítulos que divulgarán os valores culturais galegos.

Ademais de revistas poéticas bilingües como *Alba*, *Posío* ou *Aturuxo*, cómpre subliñar a importancia do **suplemento** publicado entre outubro de 1949 e xaneiro de 1950 polo **xornal santiagués *La Noche***, dirixido por Raimundo García Domínguez, *Borobó*. Confeccionado desde Vigo por Fernández del Riego e Illa Couto, abriu as súas páxinas ás creacións literarias de autores vellos e novos. A publicación de traballos dedicados á memoria de Castelao con motivo da súa morte na Arxentina provocou a súa suspensión pola censura.


A **colección Benito Soto** é a primeira tentativa editorial da poesía galega no interior. Foi creada en Pontevedra en 1949 por iniciativa de Sabino Torres, Emilio Negreira e Celso Emilio Ferreiro. Ata 1951 publicou libros que testemuñan as correntes da poesía de posguerra (culturalismo, hilozoísmo, neotrobadorismo, intimismo, Escola da Tebra...), con títulos significativos como *Poemas de ti e de min* dos irmáns Álvarez Blázquez; *Dona do corpo delgado*, de Cunqueiro; *Triscos*, de Pimentel; *Muiñeiro de brétemas*, de Manuel María...

En 1949 aparecen as editoriais **Monterrey** (Vigo), impulsada por Xosé M.^a Álvarez Blázquez e Luís Viñas Cortegoso, que publicou ata 1956 diversas obras de autores novos e consagrados, como Otero Pedrayo, e **Bibliófilos Gallegos** (Santiago), creada polos eruditos do réxime Filgueira Valverde e Sánchez Cantón. Publica obras de Ramón Cabanillas ou a primeira novela da posguerra: *A xente da Barreira*, de Carballo Calero.

A **Editorial Galaxia** nace en 1950 e escolle tamén Cabanillas para a súa estrea, con *Antífona da cantiga*. Esta editora foi impulsada por antigos membros do Partido Galeguista que apostan pola súa disolución e emprenden unha vía culturalista (Ramón Piñeiro, Xaime Illa Couto,



Edición conmemorativa do *Galician Programme* da BBC, con guións de Fernández del Riego.



Raimundo García Domínguez, *Borobó*.

Fernández del Riego etc.). A editorial publica a revista *Grial* (1951), a *Revista de Economía de Galicia* (1958-1968), divulga a obra de autores fundamentais (Castelao, Otero, Risco, Cunqueiro, Fole, Blanco Amor...) e abre en 1957 a **colección Illa Nova** para facilitar a incorporación de autores novos ás letras galegas. A colección de poesía Salnés será primordial.



Asemblea fundacional da Editorial Galaxia.


A **colección poética Xistral**, de Ánxel Johán e Manuel María, nace en Lugo en 1952. Publica obras de destacadas autoras e autores como *O paxaro na boca*, de Luz Pozo Garza; *Íntimas*, de Pura Vázquez; *Da miña zanfona*, de Cabanillas e *Poemas pendurados dun cabelo*, de Carballo Calero.

Edicións do Castro (1963-2008), promovida por Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, destaca pola recuperación da **memoria histórica** e a publicación de libros emblemáticos, como as *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas. A **Editorial Castrelos** (1963-1979), alentada por Xosé M.^a Álvarez Blázquez, coas súas coleccións “Pombal” e “O Moucho”, xogou un papel decisivo na **popularización do libro galego**.

2. Principais tendencias da poesía galega de posguerra

- **Continuismo** coas liñas estéticas anteriores ao 36, tematicamente descomprometidas, como: **costumismo ruralista, paisaxismo hillozoísta, neopopularismo, neotrobadorismo**.
- Discursos poéticos **intimistas**, virados cara ao interior anímico, as lembranzas, as interrogacións sobre a propia personalidade, a preocupación transcendental ou relixiosa e a reflexión metapoética. Autores como Luís Pimentel, Díaz Castro, Aquilino Iglesia, González Garcés, Pura Vázquez, María Mariño e Luz Pozo encaixan nesta liña e anuncian as preocupacións **existencialistas** e a angustia vital que han caracterizar os poemas da chamada **Escola da Tebra**, á que pertencen nos seus comezos a maioría dos autores da Xeración dos 50.
- O **clasicismo** e o **formalismo culturalista** (referencia a mitos clásicos, retrato de figuras históricas e literarias, homenaxes a escritores e artistas doutras épocas e latitudes, diálogo coas outras artes...) maniféstase en autores como Cunqueiro, Iglesia Alvariño, Álvarez Blázquez, Carballo Calero, Pura Vázquez e González Garcés.

Entre os títulos publicados pola editorial Castrelos poden destacarse os poemarios *Canle segredo*, do propio Álvarez Blázquez, e *Romanceiro da Terra Chá*, de Darío Xohán Cabana; as novelas *Retorno a Tagen Ata*, de Méndez Ferrín, e *Adiós, María*, de Xohana Torres; os relatos de *Contos da néboa*, de Fole, e *A fronteira infinda*, de Celso Emilio Ferreiro e algunhas traducións de autores clásicos (Homero, Sófocles...).



- O **socialrealismo** triunfará por volta dos anos 60, da man do poemario de Manuel María *Documentos persoas* (1958) e a emblemática obra de Celso Emilio Ferreiro *Longa noite de pedra* (1962). Será este o estilo predominante até ben mediada a década de 70.


3. Poetas da posguerra

Incluimos aquí tanto os poetas da xeración do 25 que publican a partir da posguerra como os da chamada Xeración do 36, formada por escritores nados entre 1910 e 1920. Algúns colaboran activamente co nacionalismo xuvenil antes da guerra. O triunfo do bando franquista condenounos ao exilio, ao silencio prolongado ou mesmo ao cambio idiomático provisorio. Pondo de parte a Celso Emilio Ferreiro, a voz máis destacada deste período, e comezando polos pertencentes á xeración do 25 debemos citar:

Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981). Foi unha das voces máis importantes da poesía galega do século XX. Antes da guerra publicou tres libros, vangardistas os dous primeiros e neotrobadoresco o terceiro: *Mar ao norde* (1932), *Poemas do si e non* (1933) e *Cantiga nova que se chama riveira* (1933). O seu primeiro poemario de posguerra será *Dona do corpo delgado* (1950). Nel distínguense dúas partes: unha de carácter **neotrobadoresco**, as chamadas “Cantigas de amor cortés”, e outra **intimista** e confidencial. *Herba aquí ou acolá* (1980) é unha das obras que máis influíron na poesía galega contemporánea. Cunqueiro dialoga con todo tipo de mitos (**culturalismo**) para facer unha reflexión sobre a identidade humana e unha evocación das experiencias da súa propia vida, coa morte como horizonte inevitábel.

Aquilino Iglesia Alvariño (Seivane, Abadín, 1909-Santiago, 1961). Deuse a coñecer cos libros *Señardá* (1930) e *Corazón ao vento* (1933), continuadores do paisaxismo, con métrica tradicional e influencias do saudosismo portugués. Na posguerra atinxe a súa plenitude a partir de *Cómaros verdes* (1947), onde canta o amor e as **paisaxes**, abandonando a rima e empregando un léxico moi rico. A este seguen *De día a día* (1960), *Lanza de soledá* (1961) e *Nenias* (1961, póstumo), de ton máis grave, **reflexivo e existencialista**.

María Mariño (Noia, 1907-Parada do Courel, 1967). É autora de *Palabra no tempo* (1963) e mais *Verba que comenza*, escrito entre 1966 e 1967, pouco antes da súa morte, mais só editado en 1990. Mantivo escaso contacto co mundo cultural pois viviu afastada durante anos no Courel. Foi o seu amigo Uxío Novoneyra quen divulgou a súa obra, caracterizada por un intimismo radical e filosófico. O seu intimismo fundaméntase na relación do eu coa natureza, a palabra, o tempo e a doenza como antesala da morte. A poeta utiliza a lingua con absoluta



María Mariño.

liberdade, distorsionando a estrutura lóxica do idioma, de aí que Novoneyra a definise como “dinamiteira da fala”.

Luís Pimentel (Lugo, 1895-1958). É autor de *Triscos* (1950), oito textos publicados na colección Benito Soto, e *Sombra do aire na herba* (1959), de edición póstuma. Moitos dos poemas de Pimentel son traducións de orixinais escritos en castelán. Durante os anos vinte e trinta participou en publicacións como *Ronsel* ou *Yunque*. Na posguerra sumiuse nun forzado exilio interior coa poesía como refuxio.


A súa obra, dominada pola delicadeza e o retrato de interiores, ten influencias do Surrealismo matizadas por un **lirismo intimista**. Motivos destacados na súa poesía son a admiración por Rosalía; unha relixiosidade non ortodoxa, por veces angustiada, e unha total confianza na **poesía** como *gran milagre do mundo*, porta de acceso á beleza e medio para eternizar o efémero. Tamén ten poemas comprometidos como “Xogo ruín”, “Enterro dun neno pobre” e “Cunetas”, se ben a autoría deste último é obxecto de controversia.

Ricardo Carballo [Carvalho] Calero (Ferrol, 1910-Compostela, 1990). É unha figura senlleira na nosa cultura pola súa actividade monumental como estudoso da literatura galega. Foi o primeiro catedrático de Lingua Galega da Universidade compostelá (1972), teórico do reintegracionismo, narrador e autor teatral. Destacou como poeta cunha ampla obra, que reuniu en dous libros: *Pretérito imperfecto* (1980) e *Futuro condicional* (1982). Posteriormente publicou *Cantigas de amigo e outros poemas* (1986) e postumamente apareceu *Reticências* (1990). A súa obra poética caracterízase polo **clasicismo**, o **intelectualismo**, os xogos intertextuais e unha forte tensión formal. O seu ton meditativo céntrase a cotío na reflexión sobre o amor e mesmo o erotismo.

Representativos da xeración do 36 son os seguintes autores e autoras:

Xosé María Díaz Castro (Parga, Guitiriz, 1914-Lugo, 1989). Fillo de labregos, ex-seminarista e tradutor de profesión, é autor dun único libro, *Nimbos* (1961). Situado nunha liña paisaxística e telúrica moi persoal e introspectiva, atopamos en Díaz Castro a interrogación existencialista (sobre a vida, o tempo, a morte) e unha vivencia ascética da relixión. Son notorios o seu clasicismo formal e o gran dominio da métrica. “Penélope” é un dos poemas máis relevantes da nosa literatura. Por medio da figura mitolóxica, Díaz Castro reflicte a frustración histórica da sociedade galega.

Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985). Investigador da historia, arqueólogo, etnógrafo e novelista, foi promotor da revista *Cristal* (Pontevedra, 1932-33) e, xa na posguerra, das editoriais Monterrey (1950) e Castrelos (1964). Inicíase con obras de carácter imaxinista e



neotrobadoresco, como o *Cancioneiro de Monfero* (1953). A súa principal obra é *Canle segredo* (1976), con versos de carácter intimista e emotivo.

Miguel González Garcés (A Coruña, 1916-1989). Intelectual, xornalista, bibliotecario e autor bilingüe. Crea un mundo poético presidido polo **esteticismo**. O seu lirismo é **culturalista**, moi influído polas artes plásticas. *Porta de aire* (2005) é unha escolma da poesía en galego que publicou dende 1961 a 1989.

A ampla obra poética de **Pura Vázquez Iglesias** (Ourense, 1918-2006), como a da súa irmá **Dora** (1913-2010), mestura gozo e desacougo, felicidade e anguria, paixón vital e nostalxia saudosa, **delicado intimismo e sentida protesta social** (fame, guerra, emigración...). Fillas dun socialista represaliado na guerra do 36, ambas foron mestras de profesión. Pura, que comezou a escribir con quince anos en *La Zarpa*, colaborou na posguerra co xornal *La Noche* e coa revista *Posío*. Emigrada en Venezuela e en Madrid, regresou a Ourense en 1985, onde viviu até o seu pasamento. A súa poesía trata temas como a paisaxe, o paso do tempo, as lembranzas, Galiza, a relixiosidade, o amor, o sentimento maternal, a saudade do emigrado etc., nun percorrido que vai desde *Íntimas* (1952), *Maturidade* (1955), *A saudade i outros poemas* (1963) e *O desacougo* (1971) até os libros que publicou nos seus derradeiros anos, entre os que destaca *Orballa en tempo lento* (1995) e *Desmemoriado río* (1997).

Outros poetas desta etapa foron **Valentín Paz Andrade**, **Augusto M.^a Casas**, **Xosé Crecente Vega**, **Xosé M.^a Castroviejo**, **Xosé Díaz Jácome**, **Ánxel Sevillano**, **Sebastián Martínez Risco**, **Manuel Lueiro Rei**, **Eduardo Moreiras Collazo**, **Manuel Casado Nieto**, **Sabino Torres**, **Luis Iglesias de Souza**, **Áurea Lorenzo Abeijón**, **Roberto Martínez de Andrade**, a poeta norteamericana **Anne Marie Morris** e o andaluz **Xoán Pérez Creus**.

4. Celso Emilio Ferreiro

A figura máis destacada da Xeración do 36 é **Celso Emilio Ferreiro** (Celanova, 1912-Vigo, 1979). A súa obra é de especial transcendencia na evolución da poesía galega do século XX. Nela podemos distinguir tres grandes liñas temáticas:

- a) Unha **liña social**, solidaria cos oprimidos de calquera latitude, defensora do idioma e de denuncia da inxustiza, da guerra, da falta de liberdade, do fascismo...
- b) Unha **liña intimista** na que se manifesta, en ton confesional, o desacougo existencial, a forte identificación coa terra, a fugacidade da vida, a saudade da infancia e a vivencia do amor.



Miguel González Garcés



Pura Vázquez.



Celso Emilio Ferreiro.

c) Unha **liña irónica e satírica**, fortemente corrosiva, sarcástica e crítica, que evoca as cantigas de escarnio, as coplas de Entroido, a vea mordaz de Quevedo etc.

Como poeta, Celso Emilio iniciase antes da guerra. Xunto con Xosé Velo, militante coma el das Mocidades Galeguistas, leva adiante a experiencia do *Cartafol de poesía* (1936). Xa na posguerra, participa na colección Benito Soto con traducións libres de autores xermánicos, que aparecerán reunidas co título de *Musa alemá* (1951). Esta edición foi secuestrada e queimada polas autoridades franquistas.

O soño sulagado (1954) caracterízase polo intimismo de ton confesional e aproxímase ás correntes existencialistas dos anos 50. O eu lírico, atormentado, interrógase sobre o sentido da vida, o irremediábel fuxir do tempo, a infancia como paraíso perdido etc.. Noutros poemas ábrese á problemática social (guerra, emigración...), evoca figuras queridas (a nai) ou trata sobre os traumas da infancia, a falta de liberdade etc.

Longa noite de pedra (1962) representa a opción de Celso Emilio pola **poética do compromiso** dentro da escola socialrealista. Ningún libro de poesía galega conseguira nunca antes un éxito e unha difusión popular semellantes. A metáfora do seu título converteuse na máis habitual para se referir á ditadura franquista. A proposta estética e ética que contén *Longa noite de pedra* exercerá unha profunda e persistente influencia sobre os autores da poesía galega dos anos 60 e 70. As súas características poden resumirse así:

- **Importancia da mensaxe:** o poema deixa de ter unha voz individual para se converter en expresión colectiva duns principios éticos de xustiza e liberdade.
- **Sinxeleza expresiva**, con afán de chegar a un público o máis amplo posíbel. Aposta por unha linguaxe poética fundada no coloquialismo, mesmo ás veces no prosaísmo.
- **Renovación da linguaxe**, ao incorporar á poesía distintos rexistros da fala cotiá: linguaxe administrativa, comercial etc. Integra parte do léxico da modernidade urbana.
- **Emprego do humor, da ironía e do sarcasmo** como ferramentas expresivas que mostran as contradicións da sociedade e ridiculizan persoeiros e institucións do poder.
- **Procura do ritmo e da musicalidade**, baseados no dominio dos metros cultos (o hendecasílabo e as súas combinacións co heptasílabo), a métrica tradicional das cantigas folclóricas (rimas asonantes nos versos pares) e os ritmos da música pop moderna.



Os poemas de *Longa noite de pedra* foron traducidos a varios idiomas e cantados por Voces Ceibes, Suso Vaamonde, Fuxan os Ventos...

Viaxe ao país dos ananos (1968). En 1966 foi a Venezuela para coordinar as actividades culturais da Hermandad Gallega de Caracas, entidade desgaleguizada, insolidaria e controlada por franquistas. A obra constitúe un retrato cáustico dos dirixentes desta entidade e desmitifica o mundo da emigración. Da experiencia migratoria xorde tamén *Terra de ningures* (1969).


A tonalidade satírica ten continuidade entre 1968 e 1973 en obras como *Cantigas de escarneo e maldecir*. *Cimenterio privado* (Suíza, 1973) é conxunto de epitafios en clave humorística contra prototipos como o traidor, o alienado, o déspota, o cacique, o plaxiario etc. Uns poucos están dedicados ás condutas positivas: o mártir, o precursor, o loitador... En 1972 aparece *Antipoemas*. Son versos prosaicos que inclúen fragmentos de anuncios publicitarios, de crónicas xornalísticas, citas non advertidas doutros poetas etc. Denuncia o imperialismo norteamericano (simbolizado na Coca-cola), o consumismo etc. Tamén en 1972 publica en Portugal a súa primeira antoloxía, *Autoescolha poética*.

En 1975 publica *Onde o mundo se chama Celanova* (1975) que marca un regreso ás orixes poéticas. O verso faise intimista e échese de tenrura para celebrar o amor de Moraima e a presenza dos amigos. Contén poemas de evocación da infancia, de aceptación serena do devalar do tempo e o presentimento da morte. Afirmar unha vez máis o valor da dignidade humana, a entrega solidaria e a función social da palabra. O libro obtivo o Premio da Crítica en 1976. Poucos días despois da súa morte, aparecerá o *Libro dos Homenaxes* (1979), obra que estivera preparando longo tempo.

Celso Emilio cultivou tamén a prosa en dous volumes. O primeiro, titulado *A fronteira infinda* (1972), contén nove contos de ambientación latinoamericana. O segundo é o libriño humorístico *A Taberna do Galo* (1978), en que rememora anécdotas e personaxes pintorescos da súa infancia en Celanova.

5. A Promoción de Enlace

Os epígonos da Xeración do 36 son denominados nalgúns estudos como **Promoción de Enlace**. Nacidos nos anos 20, acceden á cultura nos 40, en plena ditadura franquista. A maioría deles son autodidactas. As súas traxectorias estiveron condicionadas pola penuria material, a censura, o descoñecemento das correntes europeas e da cultura galega do período anterior. A Promoción de Enlace careceu de órganos literarios en galego (revistas, xornais, editoras etc.).



Son autores desta Promoción de Enlace:

Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922-A Coruña, 2020). Foi Académica da Galega, socia de Honra da AELG desde 2001, directora das revistas *Nordés* (1980-1991) e *Clave Orión* (1995-2020) e destacada ensaísta sobre temas literarios. Comeza escribindo poesía en castelán, para posteriormente desenvolve-la en galego, en clave intimista e culturalista. A forza vitalista do amor, a sensualidade, o erotismo, o don da palabra poética, as lembranzas son motivos temáticos habituais na súa poesía.



Luz Pozo.

A súa primeira obra é *O paxaro na boca* (1952), de forte sensualidade e linguaxe exuberante. Nos anos da Escola da Tebra, Pozo Garza cultiva unha poesía chea de luz, que proclama a vivencia gozosa do amor. Este enfoque contrasta co do seguinte libro, *Últimas palabras / Verbas derradeiras* (1976), presidido polo desamor e a angustia existencial. Máis tarde, ábrese á temática social, procurando maior sinxeleza expresiva, pero axiña volve á linguaxe coidada, combinando referencias culturalistas, vitalismo sensual e serenidade elexiaca en tres libros: *Concerto de outono* (1981), *Códice calixtino* (1986) e *Prometo a flor de loto* (1991). Na *Vida secreta de Rosalía* (1996) rende homenaxe á autora de *Follas novas*. No século XXI publicará diversas obras entre as que destaca *As arpas de Iwerddon* (2005), de inspiración gaélica.



Antón Tovar.

Antón Tovar Bobillo (Rairiz da Veiga, A Limia, 1921-Ourense, 2004). Seminarista, funcionario de Facenda e libreiro en Ourense. En 1962 publica *Arredores*, ao que seguirán *Non* (1967), *O vento no teu colo* (1974), *Calados esconxuros* (1980), *Berros en voz baixa* (1990), *A nada destemida* (1991) e, por último, *Cadáver adiado* (2001). Ao principio a súa poesía é existencialista, de carácter metafísico, densa e con reflexións relixiosas na procura dun Deus que o poeta non consegue ver. Nos anos 60, adquire unha preocupación social, en consonancia coa súa militancia no PCE, cunha expresión sinxela e prosaica. Nas derradeiras obras expresa de forma arrepiante a rabia, o pesimismo e o nihilismo ante a vida. En 2005, o PEN Clube editou a súa obra galega completa.



María do Carme Kruckenberg.

Encádranse nesta mesma Promoción de Enlace outros escritores como **M.^a do Carme Kruckenberg**, **Xosé Neira Vilas**, **Eliseo Alonso**, **Xesús Alonso Montero**, **Tomás Barros Pardo**, **Daniel Cortezón**, **Xavier Costa Clavell**, **Ramón González-Alegre Bálgo-ma**, **José Ángel Valente**, **Manuel Blanco Mariño** e **Faustino Rei Romero**.

CELSE EMILIO FERREIRO

Poema nuclear

*¡Qué ben, que a bomba ven co seu rebombio!
A bomba, ¡bong!, a bomba, bon amigo.
A bomba con aramios, con formigas,
con fornos pra asar meniños loiros.
A bomba ten lombrices, bombardinos,
vermes de luz, bombillas fluorescentes,
peixes de chumbo, vómitos, anémonas,
estrelas de plutonio plutocrático,
esterco de cobalto hidroxenado,
martelos, ferraduras, matarratos.*

*A bomba, bong. A bomba, bon amigo.
Con átomos que estoupan en cadeia
e creban as cadeias que nos atan.*

*Os outos edificios.
Os outos funcionarios.
Os outos fiñanceiros.
Os outos ideais.
¡Todo será borralla radioaitiva!*

*As estúpidas nais que pairen fillos
polvo serán, mais polvo namorado.*

*Os estúpidos pais, as prostitutas,
as grandes damas da beneficencia,
magnates e mangantes, grandes cruces,
altezas, excelencias, eminencias,
cabaleiros cubertos, descubertos,
nada serán meu ben, si a bomba ven,
nada o amor, e nada a morte morta
con bendicións e plenas indulxencias.*

*¡Qué ben, que a bomba ven! Nun instantiño
a amable primavera faise cinza
de vagos isotopos placentarios,
de letales surrisas derretidas
baixo un arco de átomos triunfaes.*

*A bomba, ¡bong! A bomba co seu bombo
de setas e volutas abombadas,
axiña ven, vela ahí ven, bon amigo.
Estános ben! ¡Está ben! Está bon!*

¡¡¡Bong!!

1. Localiza exemplos de aliteracións no texto.
2. O tratamento sarcástico caracteriza unha parte da produción poética do autor. Está presente neste texto? En que elementos?

3. Que función desempeñan as reiteradas enumeracións de elementos máis ou menos disparres que emprega o poeta? E as exclamacións?
4. Repara no léxico do poema e localiza vocábulos relacionados coa linguaxe científico-técnica. De que outros campos aparece citada terminoloxía?

Longa noite de pedra

*O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.*

1. En 1937, durante un “permiso” militar, Celso Emilio é denunciado en Celanova por verter críticas de ton antifranquista. Pasa varios días nunha cela do mosteiro de San Rosendo, reconvertido daquela en cárcere, e ve como lle impoñen unha pena de fusilamento, que finalmente non se executará. Deixou constancia deste “trago” da súa vida no poema que dá título ao seu principal libro. Que sensación quixo transmitir co poema?
2. Indica algúns dos recursos estilísticos empregados polo poeta no texto.

Irmaus

Camiñan ao meu rente moitos homes.
Non os coñezo. Sonme estranos.
Pero ti, que tealcontras alá lonxe,
máis alá dos desertos e dos lagos,
máis alá das sabanas e das illas
coma un irmau che falo.
Si é túa a miña noite,
si choran os meus ollos o teu pranto,
si os nosos berros son igoales,
coma un irmau che falo.

Anque as nosas palabras sexan distintas,
e ti negro e eu branco,
si temos semellantes as feridas,
coma un irmau che falo.
Por enriba de tódalas fronteiras,
por enriba de muros e valados,
si os nosos soños son igoales,
coma un irmau che falo.
Común temos a patria,
común a loita, ambos.
A miña mau che dou,
coma un irmau che falo.

1. Que características reúne o ti interpelado polo poeta?
2. En que se basea a irmandade que o poeta pretende establecer co destinatario?
3. Localiza recursos estilísticos presentes no texto.

Limiar

A xeito de S.O.S.
falo na madrugada:
pechai tódalas portas
e que xa ninguén saia.

Sin a seiva nutricia
esmorecen as gallas.
Arbre antigo, Galicia,
fendérono as machadas.
Unha ponla no mundo,
outra ponla na casa.
A ponla de alén mar
é soio unha metáfora.
O povo quere terra
coma Anteo na fábula.

A terra quere povo
para ser fecundada.
Nunca virá de fora
remedio ou esperanza.
Si o noso pobo morre
quedámonos sin patria,
pois patria e pobo son
o mesmo en dúas palabras.

Pechai tódalas portas
e que xa ninguén saia.

Xaneiro 1972, II

Cando quero vivir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando semento a esperanza.
Digo Moraima
eponse azul a alba.

Cando quero soñar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando é noite pechada.
Digo Moraima
eponse a luz en marcha.
Cando quero chorar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a anguria me abafa.
Digo Moraima
eponse a mar en calma.

Cando quero sorrir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a mañá é crara.
Digo Moraima
eponse a tarde mansa.

Cando quero morrer
non digo nada.
E márame o silencio
de non decir Moraima.

1. O poema “Limiar” xira arredor do fenómeno da emigración. Que mensaxe transmite sobre el? Que motivos fan que o poeta exprese esa mensaxe, precisamente?
2. “Xaneiro 1972, II” é un dos poemas representativos da veta intimista e amorosa da poesía ferreiriana. Como está construído formalmente?
3. Nese poema, con que valores ou virtudes asocia o poeta a figura da súa compañeira? Que elementos lle serven para simbolizar eses valores ou os seus respectivos contrarios?

MARÍA MARIÑO

Tiven medo de bogar,
tiven medo da auga crara.
Anque fora cuns bos remos
anque fora na mar calma,
¡non bogaba!, ¡non bogaba!

O medo xa non sei del.
Xa secou aquel mar longo.
E sin saber donde veu,
si é doutro ou é meu,
navego nun mar de fondo.

1. Explica as metáforas que crea María Mariño neste poema.

RICARDO CARVALHO CALERO

Elegia veneciana

Podedes me borrar do Libro de Ouro,
meus compatriotas.
Hai tempo que non coído se o Turco rube ou baixa,
e os meus buques están ancorados no molle.

Non me tenta ocultar a miña calva
baixo a tiara de dogo.
Un corno e un roupón non me preservarían
dos arrañoños de tantos senadores.

Que outro celebre as suas núpcias co mar.
A boca desa esposa é demasiado amarga.
Prefiro-me solteiro, ceibo de tal beleza,
que abala como quer e atraizo a aos seus homes.

Ti, Fóscari; ti, Dándolo; ti, Loredano, ollades-me
sen dúbida co horror con que a un irmán perdido.
Quizá teño algun sangue dun Otelo ignorado,
e o meu torgo non é enxebre de Aquilea.

Non me retratarán Bellini nen Tiziano;
escuro morrerei, pobre gallo esquecido.
Mais ollo o mar rillar as pedras de Venécia,
e atopo triste o antroido da vella Serenísima.

XOSÉ M.º DÍAZ CASTRO

Penélope

Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
e a tea dos teus soños non se move.
A esperanza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
e en sonos volves escoitar a chuva.

Tragerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén. ¡Xesús María!,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza!

1. Por que cres que intitulou Díaz Castro este poema “Penélope”?
2. A que problemas sociais ou históricos da Galiza se fai alusión no texto?
3. É pesimista ou optimista o autor sobre o futuro do país?

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

¿Como deter esta delicia?

¿Como deter, decide, esta delicia
do serán sobre a terra? ¿E este vento
que refolea os salgueiros, contra o río,
no lusco e fusco, cando se desfolan
entre os acibros as roseiras bravas?

¡E sentir o dulzor da dor tan leve
do corazón de cada rosa, cando
se enche a roseira dun silencio vivo,
ó esbarruxirse as follas, unha a unha,
caladamente, ás beiras da noiteña!

¿E aquel sono de son aqueloutrado,
de música tan lonxe que no oímos
e sabemos que encheo de estrelas vivas
corazóns que non son xa deste mundo?

¡E o trasacordo aquel e aquel abalo
tan sutil que sentira o noso peito!

¡E aquel verso senlleiro que non puido
entrar nunca no gozo do poema!

XOSÉ M.^o ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

Aquil neno que eu fun

Non me doi iste anxeio, ista procura
de bens, que con soñalos
abonda. Non me fire
a anguria do vivir que non se atopa,
nin o noxo da xente que me luxa
co soio seu ollar de can doente.
Non me inqedan as dores,
nin as tebras da noite, que resoa
con chamadas do Alén que eu soio escoito.

Nada xa me conmove.
O que me fire e doi, o que me inqueda,
é aquil neno que eu fun, sempre perdido.

ÁLVARO CUNQUEIRO

Recoñecimento de Harold Godwinson

Unha noite de cinza caíu sober da terra
as linternas andaban por entre os mortos
e nas feridas do máis ferido de todos
Edith Swanehals poñía a luz violeta dos seus ollos
por si aquel era Harold fillo de Godwin
que ela amara tanto.
E aquel mesmo era
a boca pola que saía un fío de sangue
pousada na boca terrea dunha toupeira.

Viña de lonxe o canto do mar. Edith sentouse
a carón do morto
e cun fío branco que tirou dos seus soñares
comenzou a tecer un pequeno pano
pra tapar os ollos do Rei.

Escoitábase o mar, e mailas follas secas do bosque
arremuiñando nos camiños entre os outeiros.
A derradeira caricia de Edith foi aquel calado tecer
perto do morto, e cando saía a lúa
misturou fíos azúes da luz da viaxeira cos seus
-as agullas iban e viñan en silencio
as mans movéndose coma quen anaina un neno
o mirar violeta de Edith adentrábase máis e máis
nas escuras feridas,
recoñecendo o sangue do amante, e maila morte.
Así foi que Edith xa estaba cega
cando lle preguntaron quen
entre aquelas sesenta ducias de mortos
era Harold.

-Este, dixo sinalando, a tentas,
que facía cantar os reiseñores nas noites de verán
cando me bicaba e me decía
-Swanehals, Colo de Cisne, envellecemos xuntos
pro tí máis lentamente.

Cantiga

A dama que ía no branco cabalo
levaba un pano de seda bordado.
Na verde fror
as letras van de amor!
O cabaleiro do cabalo negro
levaba unha fita colléndolle o pelo.
Na verde fror
as letras van de amor!
No meio do río cambiaron as vistas,
el pra o pano i ela pra a fita.
Na verde fror
as letras van de amor!
As vistas lles viron no río cambiar
i o pano i a fita por se namorar
Na verde fror
as letras van de amor:
Con amor vivirás!

* * * * *

DÍXENLLE á rula: Pase miña señora!
E foise polo medio e medio do outono
por entre as bidueiras, sobre o río.
O meu anxo da garda, coas azas sob o brazo dereito,
na man esquerda a calabaciña da auga,
ollando a rula irse, comentou:
-Calquera día sin decatarte do que fas
dices: Pase miña señora!
e é a alma túa a quen despides como un ave
nunha mañán de primavera
ou nun serán de outono.

1. Cal dos poemas de Cunqueiro que reproducimos está máis próximo do neotrobadorismo? Cal resulta o máis existencialista? Cal o máis culturalista?
2. Repara nos recursos formais que inzan o poema "Recoñecimento de Harold Godwinson" e indica algúns. Poderías dividir o poema en partes? Con que criterios?

PURA VÁZQUEZ

Soñando o fillo

¿Onde estás ti,
que na noite te busco perdido?
¡Búscote en min e na noite
soave, íntimo!...
Non tremas, en min non vives,
jai, meu deserto recinto!
Miragre da carne miña,
¡fillo...fillo!
Ven, que teño unha laberca
i un agro inzado de lirios,
i un arbore con tres niñadas
i unha rolada de pitos.
¡Heiche de tecer un berce
con xuncos do pé do río!
Coa lá da cordeira branca
i o meu mantelo de liño
estarás como unha rula
acochadiña no niño...
Non sei que facer cos días,
coa vida que vai fuxindo.
A terra é unha pecha noite
que sabe a sol de suplicios.
Sempre contigo, a soñar,
buscarte en paisaxes íntimos,
camiño que ha de levarme
lonxe no tempo... ¡filliño!

1. A que corrente poética da posguerra podemos atribuír estes poemas? En que te baseas para afirmalo?
2. Mediante que recursos consegue Tovar crear a sensación de sinxeleza expresiva que transmite o texto?

ANTÓN TOVAR

Eu

Eu son un home triste,
son un neno canso
e teño unha voz murcha,
como unha mau de néboa
rubindo cara ó sol;
unha mau a buscar
a Túa mau infinita.
Eu son un home triste
que ando a pensar en min
i a cavilar en Ti.
Eu son un home
que te busca na terra
e non te ve nas rosas.
Que cando pensa acharte
nuns ollos translucents,
decátase de que iles
son ollos de door,
ollos de cás que sufren
e bois baixo aguilladas,
ollos con moitas bágoas.
Entón, Señor, ti fuxes,
i estas maus que son terra
samente terra apreixan.

Eu son un home triste.

LUZ POZO GARZA

Far Blues

Naquela cidade
onde unha rapaza escribía un diario secreto
na noite
mentres o soño desvalido semellaba finxir
silencios compartidos
nesa vella cidade do norte
o primeiro poema de amor flutuaba
coma un blues nostálgico
na noite.

Só quería saber
por qué as cordas permanecen vibrando coma labios
e qué queda do diario secreto
na noite desvelada.

Querería saber daquel río esvaído do soño
tal unha despedida sen retorno,
do silencio curvado nunha praza deserta e antiga.

¿Onde vai o primeiro poema de amor
a materia sonora dun blues fuxidío
a inocencia primeira?

1. Que evoca a autora en “Far blues”? Que sensación predomina nela, finalmente?
2. Repara nos recursos formais e estilísticos presentes neste poema.